

ACUICULTURA



Emprego de técnicas para a cría e cultivo de especies acuáticas, tanto animais como vexetais.

Estas técnicas desenvólvense tanto en auga doce como en auga salgada. Aínda que as instalacións empregadas poden atoparse no medio natural, tamén se pode traballar en condicións controladas e dispostas de xeito artificial.

Clasificamos os **cultivos** en:

Cultivos extensivos: Aproveitan os recursos naturais favorables. Os máis coñecidos son as bateas para o cultivo de mexillón e ostra.



Cultivos intensivos: Sistemas moito máis controlados e que teñen un maior rendemento, empregan unha tecnoloxía máis avanzada e a intervención humana é moito maior. Realízanse en piscifactorías.



Relaciona as seguintes especies coa súa actividade de obtención máis representativa:

ESPECIES

- Mexillón
- Ameixa
- Sardiña
- Berberecho
- Xurelo
- Polbo

ACTIVIDADE DE OBTENCIÓN

- Pesca
- Acuicultura
- Marisqueo

Solución

Mexillón - Acuicultura, Ameixa - Marisqueo, Sardiña - Pesca, Berberecho - Marisqueo, Xurelo - Pesca, Polbo - Pesca

Aprendo na casa...

U1

Actividades de obtención da pesca

Interreg
Atlantic Area
European Regional Development Fund



SEATRACES
Tras la pista del pescado

Introducción

Os mares e océanos proporcionan un recurso moi importante na nosa alimentación diaria, como é o peixe e o marisco. Estes produtos obtéñense grazas a distintas actividades mariñeiras que se atopan vinculadas á súa extracción, como a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

A PESCA

Conxunto de técnicas e actividades a través das cales se capturan distintos tipos de peixes, moluscos e crustáceos, principalmente para o seu consumo. Podemos clasificala:

Segundo a zona xeográfica:

Pesca fluvial ou lacustre.
Pesca mariña.

Segundo a técnica empregada:

Pesca artesanal: As técnicas empregadas son tradicionais e están pouco desenvolvidas tecnoloxicamente.

Pesca comercial ou industrial: Realizan un tipo de captura masiva e as técnicas empregadas son máis evolucionadas.

Segundo a localización costeira

Pesca de baixura: Este tipo de pesca realízase con pequenas embarcacións que traballan moi próximas á costa.

Pesca de altura: É aquela que se realiza en augas máis afastadas da costa e, en ocasións, pasan varios días en altamar.

Segundo a arte de pesca:

Pesca con cerco: Lánzanse as redes do cerco dende a propia embarcación mentres esta permanece fondeada.

Pesca de arrastre: A rede permanece enganchada á embarcación mentres segue en movemento e arrastra todo o peixe que queda atrapado na rede. Existen tres tipos de arrastre: o arrastre de fondo, o arrastre peláxico e o arrastre de varas.

Pesca con enmalle: Consiste nuns paños de rede fixos ao fondo do mar, de forma rectangular e formados por varias pezas unidas entre si. Existe unha variante chamada enmalle trasmallo.

Pesca con palangre: Trátase dunha pesca selectiva, onde empregan una liña principal colocada en horizontal e da que penduran outras liñas con anzois a distinta lonxitude.

Pesca con liñas e anzol: Pesca selectiva na que se empregan anzois, lastres e un cabo. Existen tres tipos principais: o corricán, a pesca con cana e as liñas de man.

Pesca con trampas e nasas: Dispositivos formados por unha gaiola na que se introduce un cebo para atraer as capturas, sobre todo cefalópodos e crustáceos. Cando as capturas entran, un dispositivo impídelles saír.

O MARISQUEO

Actividade de criar, capturar e recoller o marisco, realízase nas zonas costeiras, como praias, marismas, rías ou rochas.

Os mariscadores desenvolven a súa actividade de dúas maneiras:

Marisqueo a flote

Mediante o uso de pequenas embarcacións.




Marisqueo a pé

Este traballo é realizado removendo a area para descubrir os moluscos.



Segundo o tipo de marisqueo, empréganse **aparells** diferentes:



Rastro: aparello manual situado nunha embarcación, que se crava no fondo para arrastrar o marisco.



Dragas: barcos cunha draga hidráulica incorporada que captura o marisco mediante arrastre.



Sacho ou legón: É o máis empregado para mover a area e desenterrar aos bivalvos.



Anciño: Remove a area dentro da auga.



Sacha: Emprégase para buscar os ocos que deixan as ameixas na area cando se alimentan.



Rasqueta ou raspa: Emprégase na recollida de percebe e mexillón da rocha. Está formada por un mango e unha platina trapezoidal.